

# II CONCURSO DE DECORACIÓN BUEU SENTE O NADAL

## CATEGORÍAS

INDIVIDUAL

ASOCIACIÓN/COMUNIDADES VECIÑAIS


ESCAPARATES COMERCIAIS

## PREMIOS

1.500€ EN BONOS DE  
COMERCIO DO MORRAZO

NAS DIFERENTES

CATEGORÍAS



INSCRÍBETE DESDE O 9 DE DECEMBRO AO 7 DE XANEIRO ENVIANDO UN CORREO  
ELECTRÓNICO A [CULTURA@CONCELLODEBUEU.GAL](mailto:CULTURA@CONCELLODEBUEU.GAL)

# BASES DO CERTAME



## OBXECTIVOS

Promoción e fomento da participación na decoración da vila durante as festas do Nadal a través da ornamentación de vivendas, balcóns, rúas, prazas ou escaparates comerciais.

Fomento da creación artística e da participación veciñal.

## CATEGORÍAS

**INDIVIDUAL:** fachadas de vivendas, xardíns, fiestras, balcóns...

**COLECTIVA:** para asociacións ou comunidades veciñais. Fachadas de edificios, rúas, prazas, locais...

**COMERCIO E HOSTALARÍA:** escaparates.

## REQUISITOS

A decoración empregada terá que ver con motivos do Nadal, con liberdade na técnica empregada e expostas en Bueu. Non se poderán utilizar aquelas que causen perigos, estando excluído o emprego de lume, elementos de pirotecnia ou calquera outro que poida resultar perigoso.

## XURADO

Formado por entre 3 e 5 persoas que valorarán do 1 ao 5 os seguintes criterios tralo visionado das fotografías enviadas polos participantes: orixinalidade, fomento dos valores locais, iluminación e emprego de materiais reciclables.

A elección será despois do 7 de xaneiro. Posteriormente, faranse públicos os seus nomes a través das redes sociais do Concello de Bueu, e comunicarse de forma individual a cada unha das gañadoras.

## INSCRICIÓNS

As persoas interesadas en participar deben inscribirse enviando un correo electrónico a [cultura@concellodebueu.gal](mailto:cultura@concellodebueu.gal).

No correo deberáse indicar: datos da persoa participante, fotografías da decoración, número de teléfono de contacto, enderezo da instalación e categoría na que participa.

## PREMIOS

Os premios serán bonos de compra para gastar no Comercio do Morrazo coas seguintes cantidades:

CATEGORÍA	1º PREMIO	2º PREMIO	3º PREMIO
INDIVIDUAL	200€	100€	50€
COLECTIVA	300€	200€	100€
COMERCIO HOST.	300€	150€	100€

## PRAZOS

O prazo de inscrición e de envío das fotografías comeza o luns 9 de decembro de 2024 e remata o martes 7 de xaneiro de 2025.

As persoas participantes ceden os dereitos das imaxes das decoracións para a súa publicación na páxina web, redes sociais e medios que se estimen. Ademais, autorizan a publicación dos datos no caso de resultaren gañadoras.